



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

CONCURSO DE WEBQUEST E DE LIBROS WEB COLABORATIVOS

Co gallo do Día das Letras Galegas 2007, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocan un [concurso de webquest](#) e outro de [libros web](#) colaborativos. Para iso, poñen a disposi-

ción de todo o profesorado e de todo o alumnado dúas ferramentas que permitirán elaborar os materiais obxecto da convocatoria sen ter apenas coñecementos informáticos.

[Acceso ás bases.](#)



BORRADOR DO DECRETO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon a disposición de toda a comunidade educativa o BORRADOR do decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de

Galicia. Pode acceder directamente ao documento aquí, ou ben dende o Portal Educativo.

[Acceso ao documento](#)



PROGRAMA INMERSIÓN LINGÜÍSTICA 2007

A vindeira semana publicárase no DOG a convocatoria dirixida ao alumnado de ESO e bacharelato para a realización de estudos en Francia, Irlanda e Reino

Unido no verán de 2007. Serán 1.000 axudas para 2º, 3º e 4º de ESO e 500 para 1º e 2º de bacharelato.



3ª CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ALUMNADO PARA A ADQUISICIÓN DUN ORDENADOR PERSOAL

Orde do 23 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante

o ano 2007 e se procede á convocatoria. Esta 3ª convocatoria está dirixida a todo o alumnado da educación obrigatoria (primaria e secundaria), e as axudas concederanse por nivel de

renda. O número de axudas ofertado son 10.000 a 300 € cada unha.

Máis información: www.edu.xunta.es/axudasord

Contido:

Concurso de webquest e de libros web colaborativos	1
Borrador do decreto de educación primaria	1
Programa Inmersión Lingüística	
3ª Convocatoria de axudas para a adquisición dun ordenador persoal	1
Cursos de lingua alemana ou francesa no es-	2
Cursos de lingua inglesa durante o verán 2007	2
Axudas a estudantes universitarios	2
Premios Nacionais de Bacharelato	2
Aulas da natureza	2
Concurso artístico "Podemos Erradicar la Pobreza"	2

CURSOS DE LINGUA ALEMANA OU FRANCESA NO ESTRANXEIRO

[Orde ECI/349/2007](#), do 5 de febreiro, pola que se convocan axudas para cursos de lingua alemana ou francesa no estranxeiro durante o verán do 2007 para alumnos de ciclos

formativos de grao superior. Convócanse 100 axudas para cursos de, polo menos, 3 semanas de duración que se celebren entre o 1 de xullo e o 31 de outubro. Poderá optar a

elas o alumnado que no presente curso se atope nun ciclo formativo de grao superior. Poderán presentarse as solicitudes ata o día 30 de marzo.

CURSOS DE LINGUA INGLESA DURANTE O VERÁN 2007

[Orde ECI/397/2007](#), do 15 de febreiro, pola que se convocan axudas para cursos de lingua inglesa durante o verán do 2007 destinadas a mozos/as de entre

dezaioito e trinta anos. Convócanse un máximo de 35.125 axudas de 1.600€ cada unha para a estadía e realización do curso para perfeccionar a lingua inglesa,

entre o 1 de xuño e o 30 de novembro. Os interesados que cumpran os requisitos poderán presentar a solicitude ata o día 31 de marzo.

AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS CON RESIDENCIA EN GALICIA

[Orde do 14 de febreiro](#) de 2007(DOG nº 41). Convócanse axudas para estudantes con residencia en Galicia que realizan estudos presenciais nunha titulación de carácter oficial e de validez nacional nas universi-

dades públicas españolas de fóra de Galicia por non existiren eses estudos no Sistema Universitario Galego. As actividades para as que se solicita a axuda serán realizadas durante o curso académico

2006/2007. O prazo de presentación será de trinta e un días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

PREMIOS NACIONAIS DE BACHARELATO

[Orde ECI/413/2007](#), do 7 de febreiro, pola que se convocan os Premios Nacionais de Bacharelato. Convócanse 15 premios, cunha dotación económica de 1.200€. Poderá optar a eles o alumnado que, tras

cursar segundo de bacharelato durante o curso académico 2005/ 2006, fose merecedor dun Premio Extraordinario de Bacharelato. As inscricións poderán presentarse ata o 16 de marzo. As probas celebra-

ránse o día 26 de abril de 2007 e as consellerías notificaránlles aos participantes o lugar de celebración con antelación abonada.

AULAS DA NATUREZA

Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se convocan axudas para participar no programa de integración Aulas da Natureza 2007

Atópase no portal educativo

[Dog nº 42](#)



CONCURSO ARTÍSTICO

“PODEMOS ERRADICAR LA POBREZA”

Para conmemorar o Día Internacional para a Erradicación da Pobreza (17 de outubro), o Departamento de Asuntos Económicos e Sociais, en colaboración co Departamento de Información Pública e a Administración Postal de Nacións

Unidas, convoca un concurso artístico destinado a nenos e nenas de todo o mundo, de entre 5 e 15 anos, para deseñar un selo de Nacións Unidas baixo o lema “Podemos Erradicar la Pobreza”.

[Bases do concurso](#)



Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas